

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**16088** *Real decreto lei 15/2019, do 8 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a organización en España da XXV Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático.*

I

A Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático foi adoptada o 9 de maio de 1992 en Nova York e entrou en vigor o 21 de marzo de 1994. Desde entón, a Convención foi o principal instrumento para a profundización e avance nos compromisos dos Estados contra a aceleración do cambio climático inducida polo ser humano. No seo da Convención, os Estados traballan conxuntamente, e nun marco institucional permanente, para facer máis eficaces os esforzos a escala internacional de cara a materializar o binomio estratéxico mitigación e adaptación en materia climática. A Conferencia das Partes (COP) é o órgano supremo de toma de decisións formado polas partes que subscribiron a Convención, e a primeira COP sobre o clima tivo lugar en Berlín en 1995. Desde entón a COP réunese de forma periódica e, como mínimo anualmente, tanto para establecer novas metas como para avaliar a consecución dos obxectivos.

Tras anos de negociacións, o punto de inflexión no marco da loita multilateral contra o cambio climático chegou coa adopción do Acordo de París na COP21, celebrada nesta cidade en decembro de 2015, que supuxo un fito histórico, dado que foi o primeiro instrumento xuridicamente vinculante, onde están reflectidos todos os países, arredor do obxectivo de evitar que o incremento da temperatura media global do planeta supere os 2 °C respecto aos niveis preindustriais e, ademais, de promover esforzos adicionais que fagan posible que o quentamento global non supere os 1,5 °C. Desta maneira, o Acordo recolle a maior ambición posible para reducir os riscos e os impactos do cambio climático en todo o mundo e, ao mesmo tempo, inclúe todos os elementos necesarios para alcanzar os seus obxectivos.

A COP25 comprende distintas reunións: a vixésimo quinta sesión da Conferencia das Partes da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP25), a décimo quinta sesión da Conferencia das partes en calidade de reunión das partes do Protocolo de Quioto (COP-MOP15), a segunda sesión da Conferencia das partes como reunión das partes do Acordo de París (CMA2), e a quincuaxésimo primeira reunión dos órganos subsidiarios da Convención, tanto do Órgano Subsidiario de Asesoramento Científico e Tecnolóxico (SBSTA) como do Órgano Subsidiario de Implementación (SBI), así como unha serie de eventos paralelos vinculados a ela (en diante, XXV Conferencia de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático ou COP25).

A celebración desta próxima Conferencia de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP25) estaba programada do 2 ao 13 de decembro de 2019 en Santiago de Chile. Porén, á vista da grave situación interna, o Goberno de Chile anunciou recentemente a súa renuncia a actuar como anfitrión da dita Conferencia.

O pasado día 30 de outubro, a Secretaría Executiva da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático anunciou que Chile, finalmente, non albergará a COP25, en vista da difícil situación pola que atravesamos o país. Así mesmo, indicou que a Convención Marco estaba explorando opcións alternativas para a celebración do Cume do Clima, dada a especial transcendencia que ten a periodicidade na celebración das COP para o seguimento efectivo dos esforzos dos distintos Estados en materia climática.

Ademais, a COP25 ten un carácter estratéxico clave para a comunidade internacional, xa que debe servir para facilitar que no ano 2020 todos os países presenten as súas estratexias a longo prazo para alcanzar o obxectivo de neutralidade climática no ano 2050, e novos compromisos nacionais de reducións de emisións para o ano 2030. Ademais, nela

buscarase que os negociadores dos distintos países participantes na Convención cerren o regulamento de desenvolvemento do Acordo de París contra o quentamento global, cuxa aplicación debe ser inminente para facer posible o cumprimento dos obxectivos recollidos no dito Acordo para a próxima década. Por todo iso, o adiamento ou suspensión da COP25 provocaría importantes efectos negativos sobre o desenvolvemento do marco político e xurídico internacional dirixido á loita contra a emerxencia climática.

En concreto, a COP25 debe servir para que os negociadores dos distintos países participantes na Convención cerren o regulamento de desenvolvemento do Acordo de París contra o quentamento global, cuxa aplicación debe ser inminente para facer posible o cumprimento dos obxectivos recollidos no dito Acordo para a próxima década. Neste sentido, o adiamento ou suspensión da COP25 provocaría importantes efectos negativos sobre o desenvolvemento do marco político e xurídico internacional dirixido á loita contra a emerxencia climática.

O pasado día 1 de novembro, a Secretaria Executiva da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático anunciou que a COP25 terá lugar en Madrid. Este cambio de sede foi consensuado entre a República de Chile, o Reino de España e a Mesa de Goberno da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, órgano a que corresponde adoptar tal decisión.

O traslado a Madrid da COP25 responde a un espírito de responsabilidade solidaria entre os distintos Estados que forman parte da Convención, que facilitan que o Cume se poida celebrar sen atrasos.

## II

Durante os meses anteriores á aprobación do presente real decreto lei, as autoridades chilenas adoptaron diversas medidas preparatorias do Cume do Clima do próximo mes de decembro, cuxa organización se encontra xa nun estado avanzado.

Non obstante, o cambio de lugar de celebración do Cume fai necesaria a posta en marcha dun complexo operativo de organización por parte do Reino de España, en relación cos aspectos do Cume vinculados á súa sede. As dimensións dun cume internacional destas características, así como a inminencia na súa celebración, fan necesario adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para que o dito operativo se despregue de maneira áxil e efectiva.

Tales medidas son adoptadas a través do presente real decreto lei, que contén tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

En primeiro lugar, para asegurar a eficiencia na organización e celebración do XXV Cume do Clima resulta esencial fomentar, na maior medida posible, a participación do sector privado, traducida en incentivos fiscais ao mecenado. O artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, regula para supostos deste tipo os chamados «Programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público». Mediante estes programas, que deben ser establecidos mediante norma con rango de lei, é posible establecer un conxunto de incentivos fiscais específicos aplicables ás actuacións de mecenado que se realicen para asegurar o adecuado desenvolvemento daqueles acontecementos que a propia lei identifique, en cada caso, como de excepcional interese público.

Coa finalidade de facer aplicable ao presente suposto ese réxime especial de incentivos fiscais ao mecenado, o artigo 1 deste real decreto lei declara o programa «Vixésimo quinta sesión da Conferencia das partes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP25), décimo quinta sesión da Conferencia das partes en calidade de reunión das partes do Protocolo de Quioto (COP-MOP15) e a segunda sesión da Conferencia das partes como reunión das partes do Acordo de París (CMA2) e quincuaxésimo primeira reunión dos órganos subsidiarios da Convención, tanto do Órgano Subsidiario de Asesoramento Científico e Tecnolóxico (SBSTA) como do Órgano Subsidiario de Implementación (SBI)» como acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Así mesmo, o artigo 1 deste real decreto lei establece a duración do programa de apoio, que abranguerá desde o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de marzo de 2020; remite ao órgano competente o desenvolvemento e a concreción das actuacións que se van realizar; establece que os beneficios fiscais do programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro; e remite á citada lei polo que se refire á certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa.

En segundo lugar, a celebración do Cume do Clima nas datas previstas exige a realización de múltiples actuacións por parte de diversos órganos da Administración xeral do Estado, algunhas das cales non poden ser atendidas cos recursos propios e requiren, por tanto, ser desempeñadas por terceiros a través da celebración de contratos públicos. A preparación do citado acontecemento no prazo dispoñible obriga a arbitrar medidas urxentes en materia de contratación.

Nestas circunstancias, a aplicación do procedemento de urxencia previsto no artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non resulta suficiente para garantir que os contratos necesarios poidan ser subscritos na escasa marxe de tempo dispoñible. Este precepto permite axilizar os procedementos de contratación a través da redución dalgúns dos prazos previstos para os supostos ordinarios, pero a duración total dos procedementos resultantes seguiría sendo excesiva para facer fronte á situación a que responde este real decreto lei.

Por todo iso, e con carácter puntual e atendendo á excepcionalidade da situación a que responde o presente real decreto lei, o primeiro punto do artigo 2 do presente real decreto lei declara a celebración da citada Conferencia o próximo mes de decembro como circunstancia que xustifica a aplicación da tramitación de emerxencia prevista no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, aos contratos necesarios para a preparación e celebración do citado Cume. Os efectos deste precepto despréganse igualmente sobre aqueles contratos que se deban subscribir para atender as necesidades derivadas da organización da citada Conferencia cuxa tramitación se iniciase con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

Por outra parte, o real decreto lei, en prol de conseguir un maior control nos fondos destinados á organización da XXV Conferencia sobre Cambio Climático de Nacións Unidas, establece unha unidade na xestión de carácter obrigatorio, a través do sistema de pagamentos que se deben xustificar. Esta figura, na Lei 9/2017, do 8 de novembro, ten carácter potestativo, e prevese coa finalidade de conseguir unha maior axilidade na xestión, especialmente importante dados os curtos prazos establecidos e, ao mesmo tempo, dotalo dun maior control, xa que toda a xestión se vai reflectir nas contas que se teñen que render con motivo da xustificación destes libramentos. Todo isto sen prexuízo de que o sistema se complete mediante a adopción das normas de rango inferior e dos actos administrativos necesarios, tales como a creación de caixas pagadoras, aperturas de contas correntes, entre outros.

En terceiro lugar, o artigo 3 deste real decreto lei designa o secretario de Estado de Medio Ambiente como órgano competente para a contratación, para aprobar e dispor os gastos necesarios, contractuais ou non, e para recoñecer as correspondentes obrigacións, coa finalidade de garantir que as correspondentes xestións se realizan de maneira ordenada e eficiente baixo a autoridade dun único órgano administrativo.

Polo demais, para a preparación e celebración do Cume do Clima nas datas previstas resulta preciso que a Administración xeral do Estado poida dispor de maneira inmediata dos medios persoais e económicos que resulten necesarios para o efecto. Para tal efecto, a disposición adicional primeira do presente real decreto lei habilita os ministerios de Facenda, e de Política Territorial e Función Pública para adoptar todas as medidas en materia de persoal necesarias para a execución e o desenvolvemento de todas as actividades vinculadas á celebración da XXV Conferencia sobre Cambio Climático de Nacións Unidas en Madrid. Pola súa parte, a disposición adicional segunda dispón que as actuacións previstas se financiarán de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de

novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes, para o cal o Ministerio de Facenda aprobará as modificacións orzamentarias correspondentes.

## III

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito sempre que se respecten os límites previstos no artigo 86 da Constitución española, referidos tanto ao presuposto habilitante deste tipo de norma xurídica como aos límites materiais.

En primeiro lugar, a concorrencia do presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade exige, segundo reiterou o Tribunal Constitucional (por todas, STC 61/2018, do 7 de xuño), o cumprimento de dous requisitos. Por un lado, debe existir unha situación de urxencia, con xustificación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno á hora de aprobar a norma. Doutra parte, debe haber unha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala.

Polo que respecta á situación de urxencia, o Tribunal Constitucional sinalou que se debe tratar dunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever exige unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis (SSTC 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 4; 137/2003, do 3 de xullo, FX 3, e 189/2005, do 7 xullo, FX 3). Así mesmo, indicou que «o que aquí debe importar non é tanto a causa das circunstancias que xustifican a lexislación de urxencia canto o feito de que tales circunstancias efectivamente concorran» (STC 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 6). E descartou expresamente que «a utilización polo Goberno da súa potestade lexislativa extraordinaria deba circunscribirse a situacións de forza maior ou emerxencia» (SSTC 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7).

A adopción das medidas organizativas e de fomento da participación privada necesarias para a adecuada preparación e celebración do Cume do Clima constitúe unha necesidade sobrevida que exige unha resposta normativa inmediata. Esta resposta normativa debe ter rango de lei, porque as medidas que deben adoptarse afectan normas vixentes con rango de lei (en concreto, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, e a Lei 9/2017, do 8 de novembro). Tendo en conta que boa parte das actuacións preparatorias que hai que realizar deben acometerse con antelación ao inicio do Cume, resulta evidente que non é posible esperar á tramitación parlamentaria dunha lei, máxime nunha situación como a actual en que as cámaras se encontran disoltas e non se volverán constituír ata principios do mes de decembro.

En canto á conexión de sentido entre a situación de extraordinaria e urxente necesidade definida e as medidas que no real decreto lei se adoptan, o Tribunal Constitucional atende a un dobre criterio: «o contido, por un lado, e a estrutura, por outro, das disposicións incluídas no real decreto lei» (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 1/2012, do 13 de xaneiro, FX 11; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 9, e 61/2018, do 7 de xuño, FX 4).

As medidas contidas no presente real decreto lei están claramente conectadas coa situación de extraordinaria e urxente necesidade que xustifica a súa aprobación. Por unha parte, apróbase, para o suposto específico do Cume do Clima, un precepto que permite aplicar a figura dos programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público regulada no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro. Doutra parte, apróbase, tamén para este suposto específico, un precepto que permite a aplicación da tramitación de emerxencia regulada no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, aos contratos que se subscriban para satisfacer as necesidades de organización do citado Cume. Así, o contido da norma limitase ao estritamente indispensable para responder con eficacia á situación de urxencia a que fai fronte, pois permite garantir que as medidas de fomento do mecenado e que os contratos necesarios para a celebración do cume, respectivamente, se poidan pór en marcha dentro da marxe de tempo dispoñible, pero faino sen modificar con carácter xeral o marco normativo preexistente. Así mesmo, centralízanse no secretario de Estado de Medio Ambiente as competencias relativas á contratación, coa finalidade de garantir

que as correspondentes actuacións se realizan de maneira ordenada e eficiente, baixo a dependencia dun único órgano administrativo. Para garantir a dispoñibilidade de medios persoais e de crédito suficientes introdúcese as correspondentes habilitacións dos ministerios competentes por razón da materia.

Os motivos que se acaban de expor xustifican amplamente a concorrencia dos requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade que habilitan o Goberno para aprobar o presente real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución (STC 142/2014, do 11 de setembro, FX 3, e STC 61/2018, do 7 de xuño, FFX 4 e 7).

En segundo lugar, o presente real decreto lei respecta os límites materiais constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo, pois non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

En relación coas medidas recollidas no artigo 1, o Tribunal Constitucional precisou que «cando o artigo 86.1 CE exclúe do ámbito do decreto lei os deberes consagrados no título I da Constitución, unicamente está impedindo aquelas intervencións ou innovacións normativas que afecten, non de calquera maneira, senón de forma relevante ou substancial, o deber constitucional de «todos» de contribuír ao sostemento dos gastos públicos». Desta forma, o criterio decisivo é o seu impacto sobre a repartición da carga tributaria entre os contribuíntes considerados no seu conxunto (STC 182/1997, FX 7, entre outras).

#### IV

O artigo 21.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, habilita o Goberno en funcións para adoptar as medidas necesarias para o «despacho ordinario dos asuntos públicos», así como para adoptar outras medidas en «casos de urxencia debidamente acreditados» ou por «razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique».

O Tribunal Supremo indicou que a finalidade deste precepto radica en garantir tanto que o Goberno en funcións continúe exercendo as súas tarefas como que o faga, salvo casos excepcionais, «sen introducir novas directrices políticas nin, desde logo, condicionar, comprometer ou impedir as que deba trazar o que o substitúa», de modo que «a liña divisoria entre o que o Goberno en funcións pode e non pode facer non pasa pola distinción entre actos legislativos e non legislativos, senón pola que sinalamos entre actos que non implican dirección política e os que a expresan» (STS do 2 de decembro de 2005).

As actuacións gobernamentais a que se refire o presente real decreto lei non supoñen a introdución de novas directrices políticas. Tales actuacións tampouco condicionan nin comprometen en ningún modo as orientacións políticas que deba trazar o Goberno resultante das próximas eleccións. A celebración do Cume do Clima constitúe un acontecemento puntual, cuxa celebración abrangue unicamente varios días e que non incide baixo ningún concepto no desenvolvemento futuro da actividade de dirección política do próximo Goberno. Por outra parte, a inminencia das datas de celebración do acontecemento fai que a adopción das medidas sexa inadiable.

Polo demais, os números 4 e 5 do artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, recollen unha serie de facultades cuxo exercicio está expresamente vedado ao Goberno en funcións. En concreto, o artigo 21.4 establece que o presidente do Goberno en funcións non poderá propor ao rei a disolución das Cámaras, ou das Cortes Xerais, nin propor a cuestión de confianza, nin tampouco propor ao rei a convocatoria dun referendo consultivo. O artigo 21.5 dispón que o Goberno en funcións non poderá aprobar o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, nin tampouco presentar proxectos de lei ao Congreso dos Deputados ou, de ser o caso, ao Senado. Como pode apreciarse, estes preceptos refírense a aspectos netamente distintos aos relacionados co presente real decreto lei sen que, por tanto, se opoñan á súa aprobación por parte do Goberno en funcións.

## V

Na elaboración deste real decreto lei observáronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por unha parte, resulta evidente o principio de proporcionalidade, xa que as medidas recollidas nesta norma se axustan plenamente ao obxectivo que se pretende conseguir mediante este instrumento. Así mesmo, cumpre o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, asegurando a súa correcta incardinación e congruencia coa regulación vixente. Polo demais, a norma é coherente co principio de transparencia ao definir claramente a situación que a motiva e os seus obxectivos, descritos nesta parte expositiva e na memoria da análise de impacto normativo. Non se realizaron os trámites de participación pública, tal e como exceptúa para os reais decretos leis o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por outra parte, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exixen o seu ditado, sen que para estes efectos caiba considerar que existan outras alternativas menos restritivas ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

Emitiuse o preceptivo informe da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa, de acordo co previsto no artigo 26.9 e 11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, da ministra de Facenda, do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia, do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, en virtude do Real decreto 351/2019, e da ministra para a Transición Ecolóxica, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 8 de novembro de 2019,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Beneficios fiscais aplicables á «Vixésimo quinta sesión da Conferencia das Partes da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP25), décimo quinta sesión da Conferencia das partes en calidade de reunión das partes do Protocolo de Quioto (COP-MOP15) e a segunda sesión da Conferencia das partes como reunión das partes do Acordo de París (CMA2) e quincuaxésimo primeira reunión dos órganos subsidiarios da Convención, tanto do Órgano Subsidiario de Asesoramento Científico e Tecnolóxico (SBSTA) como do Órgano Subsidiario de Implementación (SBI)».*

1. O Programa «Vixésimo quinta sesión da Conferencia das Partes da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP25), décimo quinta sesión da Conferencia das partes en calidade de reunión das partes do Protocolo de Quioto (COP-MOP15) e a segunda sesión da Conferencia das partes como reunión das partes do Acordo de París (CMA2) e quincuaxésimo primeira reunión dos órganos subsidiarios da Convención, tanto do Órgano Subsidiario de Asesoramento Científico e Tecnolóxico (SBSTA) como do Órgano Subsidiario de Implementación (SBI)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público, para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de marzo de 2020.

3. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas levaraos a cabo o órgano competente, de conformidade co disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro. Non obstante, as cantidades satisfeitas en concepto de patrocinio polos patrocinadores ás entidades a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, encargadas da realización de programas e actividades do acontecemento, teranse en conta para efectos do cálculo do límite previsto no artigo 27.3, primeiro, parágrafo segundo, da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

## Artigo 2. *Contratación.*

1. Para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a todos os contratos que se vaian subscribir para satisfacer as necesidades de organización da XXV Conferencia sobre Cambio Climático de Nacións Unidas que se celebrará en Madrid resultaralles de aplicación a tramitación prevista no seu artigo 120.

2. De conformidade co citado precepto, o libramento dos fondos necesarios para facer fronte aos gastos que xere a organización da mencionada Conferencia realizarase a xustificar.

## Artigo 3. *Órgano competente.*

O secretario de Estado de Medio Ambiente será o órgano de contratación para os contratos a que se refire o artigo anterior: así mesmo, será o órgano con competencias para aprobar e dispor os gastos necesarios, sexan ou non contractuais, e recoñecer as correspondentes obrigacións.

## Disposición adicional primeira. *Medidas en materia de persoal.*

Habilítanse os ministerios de Facenda, e de Política Territorial e Función Pública para adoptar todas as medidas en materia de persoal necesarias para a execución e o desenvolvemento de todas as actividades vinculadas á celebración da XXV Conferencia sobre Cambio Climático de Nacións Unidas en Madrid.

## Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

As actuacións previstas financiaranse de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes. Para iso, o Ministerio de Facenda aprobará as modificacións orzamentarias correspondentes.

## Disposición transitoria única. *Aplicación de determinadas medidas do real decreto lei.*

1. A aplicación do programa de apoio regulado no artigo 1 terá lugar desde o 1 de novembro de 2019.

2. O disposto no artigo 2 será de aplicación aos contratos necesarios para satisfacer as necesidades de organización da XXV Conferencia sobre Cambio Climático de Nacións Unidas en Madrid cuxa tramitación se iniciase con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habílanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN